



BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN MENOR DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO-FURGON DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE.

1 - OBXECTO

As presentes bases rexerán a adxudicación, formalización e efectos do contrato de subministración dun vehículo tipo furgón para o Concello Municipal de Deportes.

2.- NECESIDADES.

É obriga do Concello Municipal de Deportes ó mantemento das instalacións deportivas das que é titular. A maiores, tamén ten entre as súas obrigas o fomento de actividades ó longo do municipio de Ourense para o fomento da actividade física e deporte. Froito destas obrigas xurde a necesidade do desprazamento dos recursos humanos e materiais para poder levalas a cabo satisfactoriamente. Para cubrir esta continxencia con seguridade e solvencia e que permita trasladar os materiais faise necesaria a contratación dun novo vehículo..

3.- DESCRICIÓN DO SUBMINISTRO:

- Furgón cerrado transporte de mercancías.
- Motorización, Transmisión y características técnicas mínimas.
 - Combustible: Diésel
 - Airbag de condutor e acompañante.
 - Peche centralizado
 - Potencia mínima: 110 CV
 - Tracción:dianteira
 - Transmisión: Caixa de cambios manual
 - Condutor mais dúas prazas
 - Medidas interiores de carga superiores a: alto 185cm, largo 300cm y ancho entre pasos de rueda 136cm
 - Aire acondicionado
- De nova utilización. (Non segunda mán).
- Será obrigatorio que o vehículo veña dotado con alfombrillas
- Rotulado en alomenos tres puntos. (Frontal e dúas portas, por exemplo).

4.- LUGAR, PRAZO E FORMA DE ENTREGA:

A duración do contrato virá determinada pola correcta subministración do vehículo, sendo dun mes desde a sinatura do contrato (Sendo o prazo inexcusable de entrega o 10 de decembro).

O vehículo adquirido, con todo o equipamento existido por estas bases, unha vez matriculado e con toda a documentación en regra (orixinais ou copias cotexadas), será entregado no Parque Móvil do Concello de Ourense, sendo por conta do adxudicatario todos os gastos de transporte e posta a punto e demais necesarios para a entrega e recepción do vehículo. Non se admitirán a efectos de entrega os resgardos de documentación en tramitación.

5. OBRIGACIÓNS/REQUERIMENTOS MÍNIMOS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

Poderán concorrer a esta licitación as persoas físicas ou xurídicas con plena capacidade xurídica de obrar, que non se encontren incursas en prohibición para contratar consonte o artigo 60 TRLCSP. A presentación da oferta supón o cumprimento dos prazos en condicións prescritas nas presentes bases.

7.- ORZAMENTO BASE DE LICITACION.



O importe base máximo de licitación se establece: 17.350,00€ mais o IVE que abonará contra factura despois de entrega do subministro e informe favorable do Parque Móvil Municipal.

As obrigas derivadas deste subministro e o seu financiamento faranse con cargo á partida orzamentaria 3400 62401 para o ano 2017.

8.- RELACIÓN COA EMPRESA CONTRATADA

O CMD non terá vínculo, nin laboral, nin administrativo, nin de clase algunha coa empresa adxudataria.

9.- SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL.

Poderán concorrer a esta licitación as persoas físicas ou xurídicas con plena capacidade xurídica de obrar, que non se atopen incursas en prohibición para contratar consonte o artigo 60 TRLCSP.

10.- PRESENTACIÓN DAS OFERTAS:

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do CMD, dentro dos prazos estipulados nas invitacións e no perfil do contratante (10 días naturais), nas horas sinaladas para o despacho ao público (de 09:00 a 14:00), e irán dirixidas ao Presidente do CMD en sobre pechado no que figurará a inscrición **PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN MENOR DE UN VEHÍCULO FURGÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES** e irá asinado polo licitador, de optar por outro medio de entrega da documentación deberá ser notificado o medio de envío mediante FAX no número: 988370727, sempre antes da finalización do prazo de entrega de ofertas, fora da cal non se terá en conta a solicitude.

Documento 1.- O licitador incluírá necesariamente neste sobre:

- 1) Presentación do licitador.
- 2) Características técnicas asinadas polo responsable da presentación da oferta, Catálogos do vehículo ofertado, melloras sobre os requisitos mínimos
- 3) Oferta económica (segundo anexo).

Co gallo de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á subministración, o CMD publicará no seu perfil do contratante os presentes pregos.

11.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Atenderá a criterios económicos e técnicos

12.- DIRECCIÓN E INSPECCIÓN.

A dirección e supervisión do subministro corresponde ao Parque Móvil. No caso de que se estimasen incumpridas as prescricións técnicas do contrato, o responsable deste dará por escrito ao contratista instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados, facendo constar por escrito o prazo para corrixilas e as observacións que se estimen oportunas.

13. GARANTÍA PROVISIONAL E GARANTÍA DEFINITIVA.

Non se esixe garantía provisional.

O vehículo terá unha garantía mínima de dous anos dende a data de entrega ao CMD.

O proveedor comprométese por escrito, a substituír tódalas pezas, que resulten defectuosas durante o prazo de garantía por outras similares ou de características superiores e que serán novas.

14.- ADXUDICACIÓN.



O órgano de contratación adxudicará o contrato a proposta debidamente motivada do xerente do CMD.

15.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación.

16.- SUBCONTRATACIÓN.

De conformidade co establecido ao art. 227.1 TRLCSP, no presente contrato non cabe subcontratación.

17. XURISDICCIÓN E RECURSOS

O contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación e extinción, se rexerá polo establecido no Prego e o non previsto rexerá polo TRLCSP e as normas dos procedementos administrativos.

18. Prerrogativas e dereitos do órgano de contratación.

De conformidade co previsto nos artigos 210 e 211 TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados nela, o Órgano de contratación goza da prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.



Concello de
OURENSE

Deportes

ANEXO

MODELO DE PROPOSICION ECONOMICA

D. _____ con domicilio en
_____ DNI núm _____, en plena posesión da súa
capacidade xurídica e de obrar, no seu propio nome ou en representación
de _____, segundo se acredita debidamente,
enterado da contratación da subministración dun vehículo-furgón para o Concello
Municipal de Deportes do Concello de Ourense baixo a modalidade de contrato menor,
por medio do presente oferto a subministración dun vehículo marca _____,
modelo _____, coas características técnicas que figuran na documentación que se
xunta, polo prezo de _____ € (en letra e en número),
máis _____ € de IVE.

Adquiro o compromiso de cumprir coas condicións fixadas nas bases que rexen a
contratación e coa oferta presentada na súa integridade.

_____ de _____ de 2017

(SELO DA EMPRESA E FIRMA AUTORIZADA)